



Potenciasâ€ ou impotencias Europeas?

DescriscãŁo



Os italianos e os franceses afirman que algunhas das cláusulas (a pesares de que foron parcialmente escritas por Francia) non son o suficientemente explícitas. (Foto: Desembarco de tropas francesas da UNIFIL en Naqoura, ao Sur de Líbano, o sábado 19 de agosto de 2006).

Nacións Unidas quere expandir as súas forzas de paz no Líbano (Unifil) de 2.000 efectivos a 15.000. Francia, esa disque
“potencia” que non sente aversión polo protagonismo e que levou adiante a tímida expresión da impotencia europea durante estes días de bombardeos do país fenicio, debía que tirar do carro co envío de 2.000 soldados, pero reduciu a súa oferta a 200.

Cando que facía falla mediar co envío de soldados que disuadan ás dúas partes involucradas de reiniciar o conflito, deixase caer o proceso na incerteza. E todo porque que as propias tropas, e os respectivos candidatos electorais, non corran riscos. Os mortos sempre teñen que pertencer a outra nacionalidade. É unha gran máxima da política.

Mentres tanto Israel impón a súa axenda co beneplácito dos EEUU, e as tropas da ONU non deberían ir mediar, senón desarmar á parte máis débil, os veciños de Hezbolà.

Os europeos non queren baixas pero tampouco queren enfrontarse con Israel. E por iso din que o mandato de nacións unidas non é o suficientemente claro e vinculante.

O eixo franco-alemán está capado. Os alemáns non participan porque non queren ter que pegar un tiro (como se a situación que se presenta fose a mesma do pasado) contra un israelí, a pesares de que iso poida impedir unha maior matanza.

Os italianos e os franceses afirman que algunhas das cláusulas (a pesares de que foron parcialmente escritas por Francia) non son o suficientemente explícitas.

España, Bélxica, Polonia, Grecia e Portugal teñen que estudar plans operacionais e deseñar as liñas estratéxicas antes de meterse na “mêlée”. E uns por outros, a casa sen varrer. Parece ser que a batuta lle corresponderá finalmente a Italia, que anunciou onte que cumprirá cos seus deberes. Iso si: Italia cumprirá coa súa misión no cadro dunha estratexia mundial, e de aquí se verá o rol que Italia pode asumir. Así que de estratexia europea, NADA.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Data de creación

Agosto 23, 2006

Metacampos

Autoria : 3746

Data publicación : 2006-08-23 00:00:00